

## Aventuras da ciencia convertidas en literatura

{ TRIBUNA LIBRE }



Francisco  
Martínez Bouzas

Critic literario

A BARCELONESA editorial Anagrama agasállanos neste mes cun libro ben singular: *Un verdor terrible*. Un libro que tirará do lector

desde a primeira páxina, cun fio condutor que sutura a ciencia nas súas pescudas, escárceos e hipóteses e as transformacións que para ben ou para mal insire no mundo e na nosa visión do mesmo, coa literatura. Todo mesturado con doses de ficción, porque desde a mecánica cuántica ou desde cada personaxe, data, acción ou consecuencia todos rematan disoltos na incerteza da ficción. Endalí que neste libro é literatura. Un libro que fala da fermosura da ciencia, mais tamén das súas consecuencias nefastas. Benjamín Labatut, naceu en Rotterdam, mais arrestora está establecido en Chile.

En catro maxistrais relatos, cruzando historia e ciencia, esperanza e terror, compón un verdadeiro labirinto literario a través da vida de físicos, matemáticos e astrónomos; varios deles personalidades excéntricas ou esquivas, seres entre o xenio e a tolemaia que revolucionaron e moldearon o século XX. O autor olla no libro o camiñar da ciencia, desde hai máis de cen anos, ata os primeiros anos trinta do pasado século.

Neste libro estranxo, sobre ideas estrañas e meso extravagantes, circulan descubertas reais que,ende mal, forman un longo ronsel turbador: o descubrimento do azul prusia, creado no século

XVIII que se converteu no cianuro de hidróxeno co que se suicidaron moitos nazis e que o químico xudeu alemán Fritz Haber transformou no gas Zyklon co que os nazis exterminiarían a milleiros dos seus compatriotas e a membros da súa propia familia.

As explicacións matemáticas de Alexander Grothendieck que o impeleron ao delirio místico e á loucura. Tamén a carta que un

amigo moribundo, no foxo da Primeira Guerra Mundial, lle fixo chegar a Einstein coa solución das ecuacións da relatividade e o primeiro agoiro dos buracos negros.

E finalmente a contenda entre os fundadores da mecánica cuántica (Schödinger e Heisenberg) que xerou o principio de incerteza. Neste tempo caótico e turbulento, un libro coma este -libro de relatos enmascarado en ensayo- debería facernos pensar se o soño do absoluto chegará por conducirnos aos más temibles pesadelos, a non ser que as ciencias físicas comecen a se apercibir das súas propias limitacións.

**Un libro que fala da fermosura da ciencia, mais tamén das súas consecuencias nefastas**